



Manuel González Moreira
Secretario Nacional de CIG-Saúde

Miguel F. Caaveiro, 10 - 15703 Santiago - Tlfno.: 981 552826
secretarionacional@cig-saude.gal - organizacion@cig-saude.gal

A/A Dirección Xeral de RRHH do SERGAS

ALEGACIONES CIG-SAÚDE Á PROPOSTA DE CRITERIOS DE CESE

I.- Necesidade de información.

CIG-Saúde ten reclamado no mes de setembro unha información que considerabamos básica para poder avaliar a necesidade ou non dun cambio nos criterios de cese recollidos no Decreto 206/2005. A falta desta información condiciona as alegacións que a continuación presentamos.

A información solicitada era a seguinte:

- Nº de interinos/as anteriores ao 01/01/2016 que continúan con contrato en vigor.
 - Indicar cantos/as collen praza por concurso de méritos e/ou concurso-oposición.
- Nº de interinos/as contratados/as entre o 01/01/2016 e o 31/12/2017 con contrato en vigor.
 - Indicar cantos/as collen praza por concurso de méritos e/ou concurso-oposición.
- Nº de interinos/as contratados/as entre o 01/01/2018 e o 05/07/2022 con contrato en vigor.
 - Indicar cantos/as collen praza por concurso de méritos e/ou concurso-oposición.

II.- Ofertas de Emprego.

CIG-Saúde entende que para rematar coa temporalidade non chega con actuar sobre os cesamentos, tamén hai que actuar sobre a oferta de prazas, tanto no número como nas características das prazas ofertadas.

CIG-Saúde defende que teñen que ofertarse todas as prazas vacantes estean ocupadas ou non por persoal interino e que teñen que terse en conta as datas de cese dos novos contratos de 3 anos para garantir que son ofertadas antes de que remate ese período.

CIG-Saúde solicita un sistema de identificación de prazas que permita coñecer en todo momento a data de creación das prazas e as persoas que as ocuparon ao longo do tempo, cos seus respectivos tipos de contrato, a fin de coñecer a trazabilidade das mesmas.

É responsabilidade do SERGAS ofertar todas as prazas que se xeren en cada categoría/especialidade profesional e non acumulalas nunhas poucas categorías. A aplicación da taxa de reposición, a cal rexeitamos, mentres se manteña, deberá facerse tendo en conta a posibilidade contemplada na Lei de orzamentos do Estado de convocar prazas que non computen para esa taxa de reposición.

CIG-Saúde solicitamos unha oferta de emprego que recolla todas as prazas vacantes para consolidar ditas prazas con persoal fixo. O noso obxectivo non é cesar persoal interino senón converter as interinidades en prazas fixas no maior número posible.

CIG-Saúde entendemos que unha oferta de emprego con todas as prazas vacantes permitirá que as persoas interinas con anos de experiencia poidan acceder a unha praza fixa sen necesidade de forzar ceses innecesarios.

III.- Efectos da modificación legal.

CIG-Saúde solicita que os cambios que se introduzan no Decreto 206/2005 sexan de aplicación para os procesos ordinarios que se resolvan a partir da resolución dos procesos selectivos extraordinarios da lei de estabilización.

CIG-Saúde non compartimos que dentro dos procesos de estabilización se apliquen diferentes criterios de cesamento en función de se as tomas de posesión se producen no 2024 ou no ano 2025. En ningún caso aceptamos a aplicación de novos criterios de cese con efectos retroactivos.

Actualmente hai procesos de estabilización resoltos aos que se lles aplicaron os criterios de cese vixentes, polo que entendemos que debe manterse o mesmo criterio en todos os procesos e para todas as categorías.

IV.- Alegacións.

Artigo 38. Derogado

Ata o de agora se había prazas vacantes sen ocupar evitábase o cese do persoal temporal.

Coa retirada do artigo 38 estase obrigando ao cese do persoal temporal antes que a ocupar prazas vacantes non ocupadas, sen ter en conta o suposto recollido no EM de que só pode ocuparse con persoal fixo as interinidades que cumpriran os 3 anos de duración.

CIG-Saúde solicita que non se elimine o artigo 38º e se manteña nos mesmos termos que está actualmente.

Exemplo: un hospital comarcal con 2 prazas vacantes que esgotaron os 3 anos de interinidade e que non se poden cubrir con outras interinidades, e hai 2 interinos en outras 2 prazas vacantes. Supoñendo que se cubriren 2 prazas por traslados, cesaríase aos 2 interinos en lugar de completar o cadro de persoal.

Outra cuestión importante a ter en conta é que as persoas que tomen posesión nun centro procedentes doutro distinto, van provocar sempre o cese dunha interinidade. Isto é porque non van poder tomar posesión nas prazas vacantes que deixen libres outras persoas que cesen porque toman posesión noutro centro.

As prazas que queden libres ao trasladarse un titular a outro centro, ou tomar posesión un interino, non poderán ser utilizadas ao non ofertarse prazas non ocupadas, pola derogación do Artigo 38.

Artigo 39. Incorporación e orde de cesamento

A orde de prelación proposta non é aceptable en ningún sentido.

CIG-Saúde solicitamos que cando se produzan incorporacións, estas se fagan en primeiro lugar nas prazas básicas vacantes dotadas orzamentariamente da categoría e centro, que non estean ocupadas logo de rematar o límite máximo de 3 anos de duración da interinidade dos novos contratos xerados a partir da modificación do Estatuto Marco.

En segundo lugar, as incorporacións terán que realizarse sobre prazas básicas vacantes dotadas orzamentariamente da categoría e centro, que non estean ocupadas, con independencia da data da súa xeración.

En terceiro lugar, as incorporacións suporán o cese do persoal en comisión de servizos en praza vacante.

CIG-Saúde non aceptamos que as comisións de servizo cesen despois do persoal temporal, posto que vai facilitar que as xerencias cubran permanentemente prazas con esta figura eternizándose neses postos persoas coa praza noutro centro, secuestrando a praza de orixe e que non se ven obrigadas a participar no CTAP.

En cuarto lugar, as incorporacións suporán o cese de persoal temporal con nomeamento de interinidade en praza vacante: orde de prelación, de menor a maior puntuación, na listaxe vixente de aspirantes ás vinculacións temporais da respectiva categoría.

CIG-Saúde entende que o criterio de cesamento proposto pola Administración non cesa ao persoal temporal atendendo a criterios de igualdade, mérito e capacidade, se non en función da data na que se asina o contrato.

En quinto lugar, as incorporacións suporán o cese do persoal que ocupe praza vacante por mor da promoción profesional temporal.

No artigo 39.2. introdúcese o concepto de centro para os ceses en atención primaria, que xa se estaba utilizando. Pero nas instrucións de ceses e incorporación dos últimos anos introducírase en atención primaria inclusive o concepto de quenda para os ceses, que na modificación proposta non se recolle.

CIG-Saúde solicita que os ceses en atención primaria sexan por centro e quenda, tal e como xa se recollía nas últimas instrucións.

Na redacción proposta para o caso de empate no persoal temporal, non se entende ben a proposta. É preciso clarificar o que significa antigüidade na praza desempeñada.

CIG-Saúde solicita que se deben establecer criterios de desempate tamén para as comisións de servizos e persoal en promoción profesional temporal.

Esperamos que se teñan en conta as nosas alegacións.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2024.